

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

## INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno en sesión de 27 de decembro de 2024 adoptou acordo de aprobación de lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas: 1ª fase da OEP 20202, 2023, 2022 (expte 45741-220)

No referido acordo dábase conformidade á proposta dos integrantes dos órganos de selección.

Ase mesmo indicábase que: *“Os membros designados deberán realizar un curso de igualdade cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria (mínimo de 20 horas de duración e recoñecido pola Administración Pública).*

A título de exemplo, infórmase que na páxina <https://escuelavirtualigualdad.es/sensibilizacion-igualdad/> hai opción de cursos gratuitos.

*Deberá aportarse previamente á constitución do órgano de selección, documento que acredite a realización do curso.”*

II.- En data 17/02/2025 ditouse resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 17/02/2025 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (1ª fase).

III.- Con data 19/03/2025 a xefatura da área e concellería competente, notifica aos membros dos órganos de selección de ambos procesos e pon a disposición acción formativa en materia de igualdade no portal de formación do Concello de Vigo.

IV.- O día 2/04/2025, o presidente e secretaria do órgano de selección do proceso selectivo de condutor bombeiro dan traslado á Concellería-delegada competente en materia de persoal as incidencias seguintes, que constan incorporadas no documento electrónico nº 250077445: *“Acórdase dar traslado á Concellería-delegada competente en materia de persoal da proposta realizada polo órgano de selección para o seu coñecemento e efectos que procedan:*

*“Visto o desenvolvemento da sesión e dado que a data do primeiro exercicio foi fixada para o día 10 de abril do 2025 ás 13.30, e considerando que segundo a Base décima das xerais na probas selectivas que se realicen por este sistema (concurso-oposición), a fase de oposición que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será posterior á fase de concurso, e valorando este Tribunal o carácter masivo do procedemento (con cerca de 200 solicitudes) e a imposibilidade que aconteceu para constituirse con anterioridade, polas propias esixencias derivadas das Bases reitoras que esixen dispoñer do preceptivo curso en materia de igualdade, o Tribunal acorda propoñer á Concellería-delegada competente en materia de persoal a modificación da data de celebración do primer exercicio, en termos que permita levar a cabo previamente a fase de concurso segundo o disposto nas Bases.*



**CONCELLO  
DE VIGO**



**Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

A competencia para a modificación da data de celebración da proba, de conformidade co disposto no punto quinto do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/10/2024 (publicado no BOPPO núm.10 de 16/01/2025) que acordou aprobar a Lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas: 1ª fase da OEP 2020-21-22, corresponde á Concellería-delegada competente en materia de persoal mediante resolución, nos seguintes termos:

*“Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondente aos anos 2020 2021 e 2022 (1ª fase), así como para aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos, resolver e nomear novos membros do órgano de selección en caso de estar incurso en causa de abstención ou recusación, habilitase expresamente á Concellería-delegada competente en materia de persoal, para dispoñer tales cambios por resolución da mesma.”*

Acórdase dar traslado á Concellería-delegada competente en materia de persoal da proposta realizada polo órgano de selección para o seu coñecemento e efectos que procedan.

En sen máis asuntos que tratar, ás 14.30 horas o Presidente levanta a sesión.

Do que dou fe como secretaria co visto e prace do presidente”.

O mesmo día 2/04/2025, o presidente e secretaria do órgano de selección do proceso selectivo de bombeiro da traslado á Concellería-delegada competente en materia de persoal as incidencias seguintes, que constan no seguinte documento (doc nº 250076448): “Á vista da data fixada para o primeiro exercicio, que é o 9 de abril de 2025, e considerando que segundo a Base décima das xerais na probas selectivas que se realicen por este sistema (concurso-oposición), a fase de oposición que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será posterior á fase de concurso, e valorando este Tribunal o carácter masivo do procedemento (con cerca de 500 solicitudes) e a imposibilidade que aconteceu para constituirse con anterioridade, polas propias esixencias derivadas das Bases reitoras que esixen dispoñer do preceptivo curso en materia de igualdade, o Tribunal acorda propoñer á Concellería-delegada competente en materia de persoal a modificación da data de celebración do primer exercicio, en termos que permita levar a cabo previamente a fase de concurso segundo o disposto nas Bases.”

En relación con esta cuestión, o Tribunal interésase polo que nesta materia recóllese no punto quinto do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/10/2024 (publicado no BOPPO núm.10 de 16/01/2025) que acordou aprobar a Lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas: 1ª fase da OEP 2020-21-22, polo que se da lectura a súa redacción tal e como se transcribe:

*“Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondente aos anos 2020 2021 e 2022 (1ª fase), así como para aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos, resolver e nomear novos membros do órgano de selección en caso de estar incurso en causa de abstención ou recusación, habilitase expresamente á Concellería-delegada competente en materia de persoal, para dispoñer tales cambios por resolución da mesma.”*

V.- Na mesma data 2 de abril, a xefatura da área coa conformidade da concellería



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/04/2025 13:17	Páxina 2 de 7
45741-220	CSV: A9AAE1-4759BA-83588D-UPT2AC-925S1C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal**


**Área de RRHH e  
Formación**

competente remite contestación aos escritos referidos no punto anterior do seguinte tenor literal:

“Analizado o contido do documento, pola funcionaria suscribinte verificase o seguinte:

- *que non consta motivación obxectiva derivada do servizo aos intereses xerais e acorde aos principios de funcionamento da Administración Pública recollidos no art. 103.1 da Constitución de 1978 que sustente o acordo adoptado polo órgano de selección, non constando acreditadas razóns xustificativas e/ou impeditivas, ou de carácter excepcional, que imposibiliten a debida actuación profesional do órgano de selección en tempo e forma suficiente para a debida avaliación dos méritos aportados polas persoas aspirantes;*
- *que as necesidades do servizo concorrentes no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo son sobradamente coñecidas polo Presidente do órgano de selección, quen ten amáis a condición de xefe da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios, e quen, en forma continuada, comunica concretas insuficiencias de efectivos impeditivas da debida prestación do servizo;*
- *que dende a Área de Recursos Humanos e Formación tense conformado un equipo de traballo conformado por persoal funcionario de carreira, coa categoría de administrativo de Administración Xeral, en número de 3 efectivos, que a tempo completo e en forma prioritaria estase a adicar á labor de ordenación e sistematización dos méritos aportados polas persoas aspirantes nos procesos selectivos de prazas de bombeira/a condutor/a-bombeira/o e sarxenta/o de extinción de incendios, en orde a facilitar o traballo de análise documental a realizar polo órgano de selección, e atendendo á prioridade definida na debida execución das ofertas de emprego público cara ao debido e eficiente servizo público á cidadanía; debendo deixar constancia de que dito equipo ten sistematizada a totalidade da documentación aportada por 110 aspirantes ao proceso selectivo de condutor/a-bombeira/o, e por 178 aspirantes ao proceso selectivo de bombeira/o (estando un total de 280 solicitudes revisadas e sistematizadas na data actual).  
Dito equipo continúa coa tarefa asignada, estando á disposición do órgano de selección;*
- *que a pertenza a un órgano de selección conleva o desenvolvemento prioritario das funcións inherentes a tal condición, establecidas nas bases e na normativa vixente, sendo unha obriga normativa que resulta preferente, e requerida da adicación necesaria dentro e fora da xornada laboral;*
- *que a alteración do calendario aprobado polos órganos municipais competentes para a execución das ofertas de emprego público sen motivación suficiente derivada do servizo aos intereses xerais resutla susceptible de xenerar prexuízos a terceiros, concretados nas persoas aspirantes que podan ter eventualmente contratados servizos de transporte, desprazamento a Vigo, e de aloxamento na propia cidade de Vigo, procedentes dende todo o territorio nacional, ao tratarse de procesos selectivos de concorrencia masiva. Debendo considerar o órgano de selección que ditos prexuízos poden ser susceptibles de xenerar responsabilidade á Administración Municipal de Vigo;*
- *que en atención ás circunstancias comunicadas, á verificación efectuada e ao debido servizo aos intereses xerais na regular execución conforme a Dereito dos procesos selectivos do Concello de Vigo, non se aprecian qué concretas circunstancias concorren como para xustificar*



<b>CONCELLO DE VIGO</b>		<b>Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal</b>	<b>Área de RRHH e Formación</b>
-------------------------	---	--	---------------------------------

*obxectivamente o acordo adoptado polo órgano de selección, considerando a posta a disposición dun equipo humano en apoio á función de valoración de méritos.*

**En consecuencia, fanse constar os feitos e verificacións anteditas, instando ao órgano de selección a que no prazo máximo de 48h proceda a aportar a debida motivación que sustente a solicitude comunicada, con devolución do documento electrónico.”**

**VI.-** O día 04/04/2025 o órgano de selección do proceso selectivo de condutor-bombeiro, da traslado do acordo que obra no expediente, que logo da motivación que consta no mesmo (á cal nos remitimos na súa integridade), se ratifica na súa solicitude de modificación da data indicando que *“de manterse a data fixada para a realización do primeiro exercicio (10/04/2025 ás 13:30 horas) e á vista do exposto e acordado, este órgano de selección non pode garantir o cumprimento do disposto na Base décima das xerais que establece que nas probas que se realicen por concurso-oposición, a fase de oposición que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será posterior á fase de concurso.”*

O mesmo día 04/04/2025 o órgano de selección do proceso selectivo de bombeiros presenta escrito que é contestado por nova dilixencia a fin de que se *“proceda a aportar a debida motivación que sustente a solicitude comunicada, incorporando a documentación seguinte:*

- motivación obxectiva derivada do servizo aos intereses xerais e acorde aos principios de funcionamento da Administración Pública recollidos no art. 103.1 da Constitución de 1978 que sustente o acordo adoptado polo órgano de selección, xa requerida en dilixencia de data 02/04/2025, dada a ausencia de acreditación das concretas razóns xustificativas e/ou impeditivas, ou de carácter excepcional, que imposibiliten a debida actuación profesional do órgano de selección en tempo e forma suficiente para a debida avaliación dos méritos aportados polas persoas aspirantes.*
- acreditación do número de sesións desenvoltas polo órgano de selección para a valoración da fase de concurso, previa á das restantes probas que integran o proceso selectivo, con aportación das correspondentes actas;*

*planificación do tempo medio de execución da función valorativa dos méritos aportados por cada unha das persoas aspirantes, con incorporación da correspondente calendarización.”*

**VII.-** En data 07/04/2025 recíbese doc. 250080925. O Tribunal á vista das circunstancias concorrentes, da motivación que obra no referido documento (á cal nos remitimos na súa integridade), presenta o cadro estimativo calendarizado.

**VIII.-** Consta no expediente dilixencia de data de hoxe coa dispoñibilidade das novas datas.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Normativa de aplicación:

O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, establece no artigo 4 que leva por rúbrica “contido das bases” que:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/04/2025 13:17	Páxina 4 de 7
45741-220	CSV: A9AAE1-4759BA-83588D-UPT2AC-925S1C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLO  
DE VIGO



Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

“... c) Las pruebas de aptitud o de conocimientos a superar, con determinación de su número y naturaleza. En todo caso, uno de los ejercicios obligatorios deberá tener carácter práctico.

Las de la fase de oposición tendrán carácter eliminatorio y en la realización de los ejercicios escritos deberá garantizarse, siempre que sea posible, el anonimato de los aspirantes.

En las pruebas selectivas que se realicen por el sistema de concurso-oposición, la fase de concurso, que será previa a la de oposición, no tendrá carácter eliminatorio ni podrá tenerse en cuenta para superar las pruebas de la fase de oposición...”

Na mesma liña a base décima das bases xerais reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público (OEP) dos anos 2020, 2021 e 2022: 1a fase da convocatoria (BOPPO nº 107 do Luns, 3 de xuño de 2024) establecen que:


“... B) Sistema de concurso-oposición.- Reservado para as prazas correspondentes a bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a, cabo e sarxenta/o de extinción de incendios, e a promoción interna. **Nas probas selectivas que se realicen por este sistema, a fase de oposición, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será posterior á fase de concurso, e desenvolverase na forma que se determina nas bases específicas. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición...**”

É unha afirmación reiterada pola xurisprudencia que as bases dun proceso selectivo son a lei de dito proceso; é dicir, que o proceso debe ser desenvolvido con arranxo ao preceptuado polas súas bases reguladoras, vinculando estas á Administración e aos aspirantes. Neste senso a Sentenza do Tribunal Supremo de data 22 de marzo de 2022), dispón: “...-Ciertamente la vinculación a las bases de la convocatoria, que tradicionalmente identificamos como la “ley del concurso”, tiene por finalidad impedir que las consecuencias derivadas del incumplimiento de los requisitos administrativos produzcan una lesión de los superiores principios de igualdad, mérito y capacidad en el acceso a la función pública (artículos. 23.2 y 103 de la CE) que deben inspirar una interpretación finalista de las bases de la convocatoria...”

Máis recentemente o Tribunal Supremo, Sala Tercera, do Contencioso-administrativo, Sección 4ª, na Sentencia 242/2023 de data 27 de Febreiro de 2023: “... Esta Sala viene declarando, con carácter general y sin entrar en matizaciones que no hacen al caso, que las bases de la convocatoria de las pruebas selectivas, en este caso de un concurso-oposición, constituyen la norma que rige la selección, es lo que gráficamente se conoce como la “ley del concurso”, aunque ciertamente estemos ante un acto general que impone los criterios de la selección, vinculando tanto a los participantes en el proceso selectivo, como a la Administración autora de la convocatoria. Ambos quedan, por tanto, obligados por el contenido de las bases de la convocatoria, lo que se traduce en que han de ajustar su actuación al tenor de las expresadas bases.

Supone, en definitiva, la última garantía en la salvaguarda del derecho de acceso a funciones y cargos públicos en condiciones de igualdad (artículo 23.2 de la CE), y del imperio de las





condicións de mérito e capacidade (artículo 103,3 de la CE) ...”

## II.- Aplicación ao caso concreto.

Comunicadas polos órganos de selección as circunstancias que constan nos antecedentes de este informe, e sendo de obrigado cumprimento as bases da convocatoria e a normativa de aplicación referida no punto anterior dos fundamentos xurídicos de este informe, coa estrita finalidade da garantir o dereito de acceso a funcións e cargos públicos nas condicións de igualdade, mérito e capacidade establecidas na Constitución Española (artigo 23.2 e 103.3), procede a estimación das solicitudes dos órganos de selección referidos e polo tanto a modificación das datas de realización dos exercicios dos procesos selectivos de bombeiro e condutor-bombeiro fixadas en acordo de XGL de data 27 de decembro de 2024.

Consta informe no expediente, segundo o cal: “A vista dos acordos dos órganos de selección dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de Bombeiro/a e Condutor/a Bombeiro/a, de data 7/04/2025, trala comunicación da proposta de modificación das datas sinaladas para a realización do primeiro exercicio, consultada co servizo de Deportes a dispoñibilidade do espazo destinado á realización das probas, e habida conta da urxencia e necesaria inmediatez na adopción das medidas que permitan garantir o coñecemento, polas persoas candidatas, sobre a modificación das datas sinaladas con antelación suficiente, e tamén a dificultade recabar a conformidade dos órganos de selección, previa a súa convocatoria, con tan escaso marxe de tempo, infórmase que resultan dispoñibles as datas que se indican:

Praza	Data
Condutor/a Bombeiro/a (Quenda Libre)_1º exercicio	13/05/2025
Bombeiro/a (Quenda Libre):1º exercicio	21/05/2025

Se non fose posible dispor desa instalación no día e horario indicado, solicítase que se comunique á maior brevidade e, no seu caso, datas e horarios alternativos”.

**III.-Competencia.-** Á vista do exposto, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024), así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 27/12/2024 propónse a seguinte:

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“**Primeiro.-** Modificar, en base aos fundamentos de este informe, as datas de celebración dos procesos selectivos establecidos no Acordo de Xunta de Goberno local e fixar nova data de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo de condutor - bombeiro e bombeiro polas seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/04/2025 13:17	Páxina 6 de 7
45741-220	CSV: A9AAE1-4759BA-83588D-UPT2AC-925S1C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

<i>Praza</i>	<i>Data</i>
Conductor/a Bombeiro/a (Quenda Libre)_1º exercicio	13/05/2025
Bombeiro/a (Quenda Libre):1º exercicio	21/05/2025

A hora de celebración do exercicio será en ambos procesos ás 13:30 hrs.

Se mantén o lugar de celebración de todas as probas que será o Pavillón Municipal de Navia, Rúa de Lamelas nº 5 de Vigo (Pontevedra).

**Segundo.-** Dispoñer que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á notificación aos órganos de selección e á publicación da presente resolución na páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

**Terceiro.-** Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A técnica de administración xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

CONFORME.-

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

**DECRETO:** vista a proposta realizada **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal(resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024- BOPPO nº 133 de data 9/07/2024).- Patricia Rodríguez Calviño

**DOU FE.-** A secretaria do Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña.

